

RODRÍGUEZ FER, Claudio (2018): *A muller sinfonía. Cancioneiro vital*. Ourense: Ouvirmos, 188 pp.

Advírtese a quen abra *A muller sinfonía. Cancioneiro vital* que ao ler as súas páxinas escoitará “un saxo que libera todas as músicas do mundo”, un berro que clama ao amor e á felicidade. O universo de Claudio Rodríguez Fer faise arpeixio improvisado e extático en cada poema, mais o seu son só poderá ser escoitado por quen ama, pois como anuncia o poeta, “eu non sei dicir nin eu na nosa terra / senón a quen amo, me ama ou nela ama”.

Así pois, na estela dunha longa e coherente traxectoria poética construída a partir dos iniciáticos *Poemas de amor sen morte* (1979), este novo poemario do lucense Claudio Rodríguez Fer é un mar inmenso no que conflúen todos os seus ríos temáticos atraídos pola chamada do canto. E é que, así como en *Cinepoemas*, obra reeditada recentemente polo mesmo selo editorial, o poeta conseguiu conxugar o seu amor polo cinema coa palabra poética, ou na súa última exposición *Corpoemas* amosou o seu traballo no terreo da poesía visual, no caso de *A muller sinfonía* Rodríguez Fer logra que as cancións que o foron acompañando ao longo da súa vida, e que preludian cada un dos poemas en forma de cita, se convertan en banda sonora da súa poesía, facendo que esta agrome e vibre ao ritmo das músicas. Deste xeito, autor universal, non só polo seu valor poético senón pola súa profunda interdisciplinabilidade e interculturalidade vital, Rodríguez Fer logra, unha vez máis, amosar os vasos comunicantes existentes entre as artes convencido de que, se acaso as técnicas coas que se crean poidan ser diversas, a materia última de todas elas é sempre a mesma.

Estruturalmente, *A muller sinfonía* articúlase en cinco seccións que levan por título “Cantos rodados”, “Ortos sen ocaso”, “Viaxes ao paraíso”, “Terra extrema de radiación amorosa” e “Materia de mañá”. Mais, antes de adentrarnos nos poemas que compoñen cada unha delas, atopámonos cun luminoso prefacio que versiona o elaborado por Léo Ferré para

Poetas, os voso papeis! e que emerxe a modo de manifesto, sumándose con el á liña dos que crean á marxe de todo poder e advertindo: “A poesía é un clamor. Debe ser escoitada como a música”; “Os cantos máis fermosos son os cantos de reivindicación / O verso debe facer o amor na cabeza dos pobos. Na escola / da poesía, non se aprende. COMBÁTESE!”

De valores radicais e libertarios, non pretende este prefacio ser unha revelación senón quizais unha mostra máis da congruencia ética á que o poeta nos ten acostumbradas e que sitúa a primeira parte deste poemario coma un vértice engadido á súa triloxía sobre a memoria histórica, composta por *Lugo blues*, *A loita continúa* e *Ámote vermella*. Cómpre dicir que a temática antifascista é a máis importante dentro da obra do lucense xunto coa erótica, da que se ocupará no resto deste poemario. Tanto é así que á publicación da súa poesía completa, ata antes da existencia deste novo volume, deu en chamarlle *Amores e clamores*, conseguindo abstraer con estas dúas palabras a súa grande e subversiva aportación no terreo literario.

Nesta ocasión quixo comezar Rodríguez Fer cos fermosos clamores aos “Cantos rodados” que compoñen a primeira sección d’*A muller sinfonía*. E porque no principio foi o verbo, arrinca o seu primeiro berro dignificador clamando á propia materia da que se serve o poeta, a lingua. Esta será reivindicada no poema primeiro “Eu tiña un canciño”, que nace ao son da canción popular galega do mesmo nome versionada por Amancio Prada. De valores universalistas, Rodríguez Fer ten reiterado que só se chega ao universal dende o particular e, polo tanto, cómpre arrincar o canto con este “aturuxo ancestral”, xénese que une o poeta coa súa historia.

E como porque dicimos, somos; no segundo poema “Os comandos da noite”, que irrompe na páxina coa canción homónima de Martí, preséntase o poeta a si mesmo a través do seu nome políglota. Dende Claudio ata Klaoda, o

poeta está feito de características electivas que proveñen de todos os lugares e dende todos os tempos: “Chámanme Claudio Rodríguez Fer / como se un poeta de países e persoas / non tiñese sido xa seu propio pai / dende moito antes de ter nome de guerra”, “Chámome Claudius como aqueles / antigos amantes consagrados a Eros / e devotos unánimes de Venus”, “chámome sempre Klaudio en esperanto / e son todos os claudios e son todas as claudias / porque toda diferenza é sempre equivalencia / para no azul e no azar formar parte libremente / dos comandos da noite a pleno día da luz”.

E libremente “sen deus nin amo”, Rodríguez Fer reactiva así mesmo o vello lema anarquista, tamén cantado por Ferré, no terceiro poema desta sección para unirse con el á estirpe libertaria de quen libremente pensa ou pensou. Comezan aquí os clamores aos apátridas, aos inmigrantes, aos exiliados, aos inocentes e aos utópicos a ritmo da marcha “Varsoviana” ou das cancións de Woody Guthrie, Joan Baez, Mikel Laboa, Silvio Rodríguez, Pablo Milanés, Atahualpa Yupanqui, Leonard Cohen, Bob Dylan, Carlos Gardel, Mini e Mero, Lluís Llach, Melina Mercouri, John Lennon, Georges Harrison, Theodorakis, Georges Moustaki, Pilocho ou Milladoiro, algúns dos cales, á súa vez, cantaron versos de Rosalía de Castro, Jacques Prévert, Celedonio Flores, Martín Códax ou Celso Emilio Ferreiro.

Conmociona ver nestes poemas a aparición de decenas de nomes deses “cantos rodados”, reivindicados sempre na súa particularidade, na súa individualidade e na súa humanidade coa fin de “desenterrar a verdade” para que dese xeito a nosa memoria os libere de todo agravio e sigan así rodando libremente nunha “irmandade sen fin”. E quizais porque, tal e como retoma de Atahualpa Yupanqui, “lo primero es hombre, / y lo segundo, poeta”, é só despois dese combate, loitado sempre dende a beleza e o afecto ás vítimas, cando o poeta pode crear o espazo necesario para proseguir no camiño da utopía vivida a través do amor.

Á temática dos amores, ao igual que os cinco poemarios reunidos en *Vulva*, pertence xa “Ortos sen ocaso”, título da segunda sección d’*A muller sinfonía*. Cancións populares norteamericanas, Nina Hagen, Fela Kuti, Van Morrison, The Rolling Stones, Chavela Vargas, Vinicius de Moraes, Jobim, Mendo a e Gilberto, Procol Harum, Moody Blues, Simon and Garfunkel, Frank Sinatra, Sam Cooke, James Brown, Ben E. King, Lee Marvin, Tex Ritter ou novamente Ferré para transportarse “a ese mundo / maravilloso e simple / que está aquí, / sen ir máis

lonxe, / que está en ti, / sen ir máis fóra”. Imos agora a un alén onde os amores só se visten de si mesmo, onde hai deusas putas que afastan a dobre moral e a dicotomía machista, onde a felicidade, a vertixe e a utopía acaso chegan a parecerse a quen se ama, onde “O tocadiscos portátil / cantaba con Joan Baez / á casa do sol nacente sen cesar, / mentres nós eramos felices / como animais en cío arruinando / os nosos expedientes académicos” e onde “o amor non cambia”, porque é este un espazo construído cunha coherencia amorosa tan forte como a ética.

Nesta ínsula extraña creada pola poesía de Rodríguez Fer percíbese ademais como a natureza refulxente amosa as características da persoa a quen se ama. Unicamente porque “ela é extra” é quen de apreciar o poeta “o ben dos verdes volcáns de Auvernia estendéndose en infinita galaxia”, “a abraiante beleza pétrea e aérea de Rocamadour / trepando monte arriba por dentro” ou “a fonte da gruta de Vaucluse fluíndo coas algas / esmeraldas entre montañas flotantes”.

Esta forma de percibir o lugar a través do amor apréciase especialmente na terceira sección deste cancionero vital, que leva o nome de “Viaxes ao paraíso” e que entronca con outra das temáticas máis recorrentes na poesía claudiana, a viaxe, recollida no ciclo nómade composto por *Extrema Europa*, *A unha muller descoñecida*, *Viaxes a ti* e *Unha tempada no paraíso*. O mundo maravilloso que chegou ao poeta a través do cine, dos álbums de cromos ou da propia música materialízase agora na experiencia errante e amorosa. Vaia a onde se vaia, o fito máis importante, o monumento central de cada lugar sempre é o propio amor, de xeito que o poeta se posiciona “arredor das torres medievais que te imitan” ou asiste á existencia do “glaciar que arde incombustible / dende hai máis de cinco mil anos / baixo as pontes e as fontes subversivas / desemboca na lava auténtica e audaz / do noso amor total como a túa perfección” incluso cando a persoa a quen se ama está lonxe, “porque tamén es / cando non estás”.

Dos lugares, ou de antes deles, son tamén as linguas descoñecidas nas cales a palabra perde o seu significado para achegarse á linguaxe dos paxaros, á música, á orixe poética. Continúa así unha fascinación pola diversidade lingüística que xa quedara evidenciada no seu proxecto *A cabeleira*, que reúne a tradución a setenta linguas do seu poema co mesmo nome. *Ololé, ololé, ololé*, o berro popular bretón é repetido coma un mantra de éxtase; *karabalí, abakuá, yambú*,

columbia, *guaguancó*, a palabra caribeña baila conga no ceo da boca; *sagiiei*, *ticha*, *comán*, o substantivo mestizo revolucionando Nova York. En diálogo con Pedro Salinas, a través da palabra Rodríguez Fer non busca unicamente ofrecer a súa voz, senón abrigar o universo creado polo amor. “No anorak, no tipi, no iglú / pendurou o mundo en ti debido”.

Mais, ao longo de toda a súa traxectoria poética, Rodríguez Fer foi quen de construír, ou descubrir, numerosos lugares onde mora a utopía revolucionaria. *A muller sinfonía* ofrécenos varios novos. Dende un cuarto bretón que contén toda a esencia da Bretaña ata unha “Terra extrema de radiación amorosa”, título da penúltima parte d’*A muller sinfonía*, onde se reproducen un canto cingaro de celebración da primavera e unha nana galega, así como éxitos de Bob Marley, Johnny Cash, Tim Buckley, Led Zeppelin, The Troggs ou Patti Smith.

Nesta cuarta sección do libro as músicas acompañan o poeta no emprendemento dunha nova e descoñecida viaxe que vai do matérico ao metafísico, do imposible ao verdadeiro. “Eu ando polo linde / dunha terra extrema / de radiación amorosa. / Ela tráeme recordos / de lugares imposibles / que xa son verdadeiros”. Nun paso máis aló, Rodríguez Fer aprehende o legado filosófico-poético de María Zambrano, “no se pasa de lo posible a lo real, sino de lo imposible a lo verdadero”, a través da práctica amorosa e, nun camiño que se cruza co do seu amigo e gran poeta José Ángel Valente, atopa o inefable nun amor transparente que se alonga para ficar para sempre.

Con “jazz vital” irrompe a última sección de *A muller sinfonía*, “Materia de mañá”, que ademais de soar a Louis Armstrong, Kurt Weill, Dizzy Gillespie, Billie Holliday ou Otis Redding; tamén trae ecos dos Beattles, Oum Kalsoum, Cesária Évora, Los Chunguitos, Bob Dylan, Compay Segundo, Tiken Jah Pakoly, dunha canción popular de Rajastán ou de Violeta Parra. Mais, se son múltiples as ocasións nas que as músicas que se citan en *A muller sinfonía* beben das letras de grandes poetas, ao comezo do primeiro poema deste apartado faise por primeira vez mención directa dunha obra literaria. “Esto lo estoy tocando mañana”, dicía o protagonista do conto “El perseguidor”, escrito polo gran melómano Julio Cortázar e inspirado na figura do saxofonista Charlie Parker.

En sintonía coa personaxe cortazariana, tamén o poeta manifesta a través deste conxunto unha experiencia diferente co tempo. Como o jazz, a “materia de mañá” componse dunha

esencia espontánea e imprevisible que imposibilita a súa comprensión racional, mais nunca o espertar da paixón amorosa. O futuro que habita nese “mañá” é sentido coma unha esperanza. Neste senso, semella que, ao igual que para o filósofo Gadamer, tamén para o poeta “a esperanza constitúe unha estrutura fundamental da nosa conciencia vital, sen a cal apenas poderíamos soportar as cargas da vida”. Deste xeito, o eu lírico non dubida en unirse á vida latente e emerxente da *muller sinfonía* sentenciando: “moito máis aló do amor de onte, / elixo a vida que nos une / esquivada, fugaz e imprevisible, / como a túa idade de instante, / no que teño que vivir a vida toda / agora que xa non teño tempo para outra”.

Mais, como todo é cíclico, parecera que esa vida toda é vivida, á súa vez, para ser entregada. Así pois, nun fermosísimo acto de xenerosidade o poeta remata os versos deste “cancioneiro” cun apoteósico “grazas á vida”, que se estende ao longo de oito páxinas nas que recolle todas as belezaas do mundo para finalizar desta maneira: “grazas á vital materia de mañá / que en ti se encarna, / porque todo o que ameí é o que me fixo / e todo o que son é o que che ofrezco / para que o absorbas como queres / verso a verso e corpo a corpo / ata estoutpar en chamas”.

Pechando o conxunto de poemas, o posfacio déixanos dous maravillosos *bonus track*: “Non me gustan finais que acaban mal, / non me canso da vida nin un intre. / Non me gusta ningunha época do ano / se non vivo cantando alegremente”, di Vladímir Vysotski na súa canción “Non me gusta”, traducida para anunciar o remate deste *Cancioneiro vital* que só podía finalizar con Leonard Cohen cantando “Baila comigo, amor, / ata a fin do amor”.

Mais, como amamos, tamén nós bailamos con *A muller sinfonía* e, ao termo deste poemario-cancioneiro descubrimos, con ledicia, que este nunca terá fin en nós posto que se prolonga na vida. E é que, como dixo o artista Robert Filliou, “a arte é o que volve á vida máis interesante que a arte”. Así pois, con todos os poros abertos agora á absorción da verdade, da beleza e da liberdade, amaremos mellor e sentirémonos cada vez máis merecedoras da dedicatoria coa que comeza *A muller sinfonía*, pois para “quen mellora o mundo con música vital” están escritos estes poemas.

Cristina Fiaño
Universidade de Santiago de Compostela
cristinafiano@gmail.com